



Edición xestionada
por [Xabier
Paradelo](#)

FORO

A sección onde
deixares [as túas
opinións](#),
comentarios ou
suxestións e
debater con outros
internautas.

HISTORIAS DA LIÑA
AZUL

Un [recanto literario
para participar](#). Non
perdas o convoi.

SUMARIO DE XERFA

Aquí podes
consultar todos os
artigos publicados
até o momento no
[Sumario](#)

ITINERARIO LITERARIO

Un [itinerario
literario](#) por
Barcelona a partir
de textos galegos
ligados á cidade.

A MAN

A [información
precisa](#) precisa
para ter á vista:
Entidades Galegas
en Cataluña.

ESTUDAR GALEGO

[Estudar galego en
Barcelona](#)

SUMARIO DE XERFA

Cinco fotógrafos e catro escritoras. Exposición sobre o Camiño en Sargadelos

[20/12/2004 11:19] Remata o ano xacobeo na [Galería Sargadelos](#) cunha exposición fotográfica sobre o Camiño de Santiago, organizada pola Xunta de Galicia con obras de Tono Arias, Juan Rodríguez, Tino Martínez, Vari Caramés e Xurxo Lobato e que xa estivo en Viena, Bruxelas, Oporto, Toulouse, Hannover, Munich, Nápoles ou Vigo. No catálogo, ademais, recóllense os textos de Ana Romaní, Yolanda Castaño, Marina Mayoral e Luísa Castro. É ben significativa esta importante presenza das escritoras no catálogo. Por **Helena González**.

En *Camiño de Santiago. Luz e vida* | *Camí de Santiago. Llum i vida* reúnense cinco fotógrafos de entre os máis destacados de hoxe en día, e mais catro escritoras. Non é casual que estas miradas actuais sobre o camiño xacobeo as escriban elas. E non é casual porque, se unha certeza existe na literatura galega recente, é que non se pode prescindir das escritoras. Ata tal punto é así que as poetas xa se converteron en argumento de vendas e por iso nestes dous últimos anos as editoriais prefiren publicalas a elas para gañar público e, xa postos, mostrarse moi atentos á contemporaneidade (isto lévame á miña vella teoría sobre a relación dialéctica entre sistema con carencias e modernidade, pero agora non entro).

A exposición ábrese cun cadro que humaniza un tema difícil, por tópico. Un peregrino apalpa as flores dun campo a rebentar en amarelo coas flores das nabizas. Tono Arias percorre, como peregrino solitario, o camiño da luz, desde as neves do Cebreiro deica a mirada oceánica crepuscular de Fisterra. Nas súas fotos está a pegada constante da auga, nas folerpas de neve, na herba verdísima e, finalmente, a suor a pingar no rostro do que camiña. Pero sobre todo está a luz: alborada e solpor coas torres compostelás como agullas a peteirar no ceo. Ana Romaní escribe sobre as formas e os rastros que se ocultan no rastro milenar deixado pola auga, a pedra e a luz. A emoción fugaz e a permanencia de quen camiña e camiña deica o océano. E no final, un parágrafo que nos devolve ao comezo do seu último libro, *Arden*, onde se revive a lucidez dos cetáceos. Lémbrese a voz daquela nena cando se pregunta polas navegacións da balea (do feminino) e afirma que o seu itinerario o fixo "por min mesma señores por min mesma". Remite este parágrafo a dúas fotografías que servirían para entender as cores crepusculares de Xohana Torres con ese mar-ceo dun violeta "eu tamén navegar".

Juan Rodríguez segue o camiño inglés. Impórtalle a atmosfera húmida, a sensación de néboa e de tempo que pasa, mesmo nas pedras que máis permanecen, as dun cimiterio. Desde o mar, unha fotografía espectacular da Torre de Hércules. Avánzase logo por Betanzos deica as navegación do propio apóstolo esculpidas en Compostela. Yolanda Castaño escribe o texto para esta travesía.

Tino Martínez demórase en Compostela como se todo nela permanecese desde o principio dos tempos. Mostra con contundencia motivos de granito labrado sempre húmido. Lousado, escaleiras barrocas e soportais. Magníficas fotografías en branco e negro dos volumes e formas que rodean a catedral e que a min me lembran algunhas fotos de Ksado. Tamén ten fotografías en cores da arquitectura en vertical (o barroco visto como Chicago). Vari Caramés tamén elixe o branco e negro, pero para salientar os grises e as visións detrás do veo. Marina Mayoral escribe que unha cidade contén sempre varias cidades; a de Tino Martínez é a que permanece, a que levamos mirando, sen interrupción, desde que Compostela se vestiu barroca.

Finalmente [Xurxo Lobato](#) lévanos á Costa da Morte, un territorio no que ten feito incursións distintas: desde a parodia cando o seu *Jalisia*, desde a denuncia cando a súa serie sobre o Prestige. Algo aquí queda desa

mirada kitsch. Nelas hai moitas, moitas cruces. Pero as que a min as que máis me interesan son aquelas fotografías como acuarelas que a min me parecen dedicadas aos poetas: un solpor para Xohana Torres, dunas para os desertos de Lino Braxe, a corda frouxa do horizonte mariño de Manuel Antonio. E unha broma: un tema típico da acuarela, os barcos na auga, e, nun primeiro plano, un muro cheo de manchas, coma unha paleta. Lobato sempre ten unha mirada irónica.

En Sargadelos móstrase só unha escolma das catro exposicións itinerantes. Cómpre un repaso ao catálogo para ver todas as fotos e, sobre todo, para ler os textos das escritoras. Mágoa que alí non se nos explique un chisco a coherencia do proxecto.

Exposición *Camíño de Santiago. Luz e vida | Camí de Santiago. Llum i vida*

Ao coidado de José Manuel García Iglesias

Fotografías de Tono Arias, Juan Rodríguez, Vari Caramés, Tino Martínez e Xurxo Lobato

Textos de Ana Romani, Yolanda Castaño, Marina Mayoral e Luísa Castro

Do 16 de decembro de 2004 ao 29 de xaneiro de 2005

[Galería Sargadelos](#) | c/ Provença 274 | 08001 Barcelona

Catálogo da exposición editado pola Xunta de Galicia

20/12/2004 © Helena González

OUTRAS NOTICIAS

- ❖ [VII Concurso de Música e Baile Tradicional Galego en Catalunya](#)
- ❖ [Reiníciase as entregas do Itinerario 'Barcelona na literatura galega'](#)
- ❖ [Álvaro Cuqueiro: 'Rondeau en louvor d-unha dona catalana'](#)
- ❖ [O tradutor ao catalán de Teresa Moure: 'O texto non é sagrado: non hai nada que traizoar'](#)
- ❖ [Conferencia da escritora Teresa Moure: "Herba moura"](#)
- ❖ [A reportaxe "Mexillóns, dornas e unha gaita" do Canal 33 xa se pode ver na rede](#)
- ❖ [Benaventurados os fillos de Don Quixote](#)
- ❖ ['Viaxes' de David Pintor en Sargadelos Barcelona](#)
- ❖ [Unha boa escolma da pintura figurativa](#)
- ❖ [Obrigadísimo, Quico&Narf](#)